

# OS COTOS

MAIO  
2023



**Dende os Cotos, con Santa María, no día da nai**



*No colo da miña nai  
escoitei que morreras por min  
e aínda é hoxe o día que creo en Ti.*

O SÁBADO  
DÍA 8  
DE ABRIL  
CHEGOU  
A NOSA  
PASCUA



Unha vez máis, un ano máis, quixemos, pola PASCUA facer a “nosa pascua”. Fomos capaces de que non quedaran sillas baleiras. Grazas por ocupar cada cadeira.

E moitas grazas a todos os veciños e veciñas que fixemos que esta festa fora posible. Grazas a todas e cada unha desas mans que xenerosamente axudaron.



207 Folla  
informativa para  
a comunidade  
cristiá

**"Un contiño para vivir"****"Hospital"**

"As paredes dos hospitais escoitaron oracións máis honestas que as igrexas... Viron moitos máis bicos sinceros que bicos nos aeroportos... É no hospital onde ves a un homofóbico sendo salvado por un médico homosexual... Na UCI ves a un xudeu coidando a un racista... Un paciente policía e un preso na mesma sala recibindo a mesma atención... Un paciente rico na fila de transplante de fígado listo para recibir o órgano dun doante pobre...

É nestes momentos en que o hospital toca as feridas das persoas, cando os universos se entrecruzan, e entón dámonos conta de que sós non somos ninguén!.

A verdade absoluta das persoas, a maioría das veces, só aparece no momento da dor ou da ameaza real da perda definitiva".


Hospital, un lugar onde o ser humano se quita a máscara e móstrase tal cal é na súa verdadeira esencia.

Esta vida pasará rápido, non pelexes coa xente, non critiques tanto o teu corpo. Non te queixes tanto. Asegúrate de bicar aos teus seres queridos. Non te preocupes tanto por deixar a casa impecable. Os bens e bens deben ser conquistados por cada un, non te dediques a acumular herdanza.

Por que non tomar un descanso? Por que non chamar agora? Por que non perdoar agora? Espérase moito o Nadal, o venres, o ano que vén, cando se teña diñeiro, cando chegue o amor, cando todo sexa perfecto... Mira, non existe tal cousa. O ser humano non pode lograr isto porque simplemente non foi feito para pararse aquí.

Goza este ensaio de vida e faino agora... Respéctate a ti mesmo, respecta aos demais; segue o teu camiño e deixa o camiño elixido por outras persoas, respecta: non comentes, nin xulgues, nin te entrometas.

Vive máis intensamente e deixa o resto nas Mans do Creador. (Papa Francisco)

**Ves as 10 diferenzas?****SANTO PARA O MES,  
en maio: FÁTIMA**

Nome derivado do árabe Fatimat ou Fatma, que significa doncela, maravillosa. Era o nome da irmá do profeta Mahoma.

O nome árabe pasou a ser tamén cristián a partir do primeiro terzo do pasado século XX, dada a advocación

mariana da Nosa Señora de Fátima. O nome fai alusión á aparición da Virxe na Cova de Iria (Portugal). Aconteceu a primeira vez o 13 de maio do ano 1917, a tres pequenos pastores.

**CONSELLO**

*"E nós recibimos, non o espírito do mundo,  
senón o espírito que ven de Deus,  
para que coñezamos o que Deus  
nos deu gratuitamente,"*

I Corintios 2, 12

# COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



## 27-28 de maio Pentecoste



**Pentecoste:**  
*a Igrexaponse en camiño*



Pentecoste é unha festividade cristiá que data do século primeiro. Na biblia descríbese o descenso do Espírito Santo no medio dunha congregación dos apóstolos en Xerusalén.

Simboliza o nacemento da igrexa cristiá e a propagación da fe de Cristo.

Denominábase a Festa das Semanas, debido a que duraba sete semanas despois da festa da pascua (era unha festa xudea). A palabra pentecoste significa 50 días.



*Maio celébrase ao longo de 31 días, tendo estes un alento especial:*

*1 de maio día dos traballadores.*

*7 de maio día da nai*

*8 de maio xornadas de recordo e reconciliación en honor de quen perdeu a vida na Segunda Guerra Mundial*

*13 de maio día das aves migratorias*

*15 de maio día das familias*

*16 de maio día da Luz*

*16 de maio día da convivencia en Paz*

*17 de maio día da reciclaxe, e da letras galegas*

*20 de maio día das abellas*

*21 de maio día da diversidade cultural para o diálogo e o desenvolvemento*

*29 de maio día internacional do persoal de paz das Nacións Unidas*



## O Papa Francisco: Pentecoste

"Ven Espírito de Deus. Para vivir, NECESITÁMOSTE como a auga: descende unha vez máis sobre nós e ensínanos a unidade, renova os nosos corazóns e ensínaos a amar como ti nos amas, e a perdoar como ti perdoas"

## LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE MAIO

DÍA 7	LECTURA	Feit 6, 1-7	A Palavra de Deus espallábase
	EVANXEO	Xn 14, 1-12	Quen cre en min fará as obras que eu fago
DÍA 14	LECTURA	Feit 8, 5-8. 14-17	Filipe predicoulles o Mesías, e todos creron
	EVANXEO	Xn 14, 15-21	Nos vos deixarei orfos; logo volvo onda vós
DÍA 21	LECTURA	Feit 1, 1-11	Seredes as miñas testemuñas ata a fin da terra
	EVANXEO	Mt 28, 16-20	Eu estarei con vós ata a fin do mundo
DÍA 28	LECTURA	Feit 2, 1-11	Os discípulos quedaron cheos do Espírito
	EVANXEO	Xn 20, 19-23	Eu mándovos a vós, ide cheos do Espírito